



ADDENDA AO CONVENIO ASINADO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A ENTIDADE GAITAFILMS S.L. PARA A EXECUCIÓN DO PROXETO DENOMINADO “ WELCOME TO MA MAISON (ANUALIDADES 2019-2020)

En Lugo, a de de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000-I, e sede social en Lugo, calle San Marcos 8, actuando en nome y representación da citada entidade, según o dispón o artigo 34 b) de la Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E de doutra don Andrés González Tella con NIF: : ***4995** na súa condición de administrador, actúa en nome e representación da entidade “GAITAFILMES S.L.”, en adiante entidade beneficiaria, con CIF: B-27450121 e con sede social na Avenida de Lugo, 23-25 Entlo. L1, Meira (Lugo), con acreditación suficiente para a celebración deste acto.

Actuando dona María Esther Álvarez Martínez, Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para a formalización do presente convenio.

MANIFESTAN

Primeiro.- Con data 30 de xaneiro de 2020 asinouse un convenio interadministrativo entre don José Tomé Roca, por parte da Deputación de Lugo e don Andrés González Tella, en representación da entidade “GAITAFILMES S.L.”,

Segundo.- O convenio asinado ten por obxecto regular a achega económica, a favor da entidade “GAITAFILMES S.L.”, que lle permita financiar os gastos derivados do proxecto denominado “Welcome to ma maison”, e consistente na produción cinematográfica de unha longa documental durante as anualidades 2019 e 2020. .

Terceiro.- Por unha banda, na cláusula undécima establece a posibilidade da súa modificación mediante a prórroga do convenio, co seguinte tenor: (...) *Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo unánime entre as partes, mediante a subscripción da addenda de modificación respectiva.*”

Cuarto.- Por outra banda, contempla na cláusula terceira: Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables: Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro das anualidades 2019 e 2020.

Na cláusula oitava, relativa á xustificación e aboamento das subvencións: *“Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar a acción, proxecto ou conducta subvencionada, e en todo caso, como máximo o 31 de marzo de 2020 (para a primeira*

	IV7GY2TSMF4YIWUKBUHRCDXHOM	Fecha y Hora	24/11/2020 15:19:04	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2TSMF4YIWUKBUHRCDXHOM	Página	1/3	



anualidade 2019). A xustificación da seguinte anualidade 2020, respetará esta cadencia temporal, de modo que se deba xustificar a respectiva anualidade sucesiva, no prazo límite de 31 de marzo do ano 2021. (...)".

E na Clausula duodécima.- Prazos de xustificación.: Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo do ano seguinte de cada anualidade. Logo de transcorrer o prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada.

Quinto.- Que segundo o escrito presentado polo representante da entidade solicítase a ampliación do prazo de execución do devandito convenio ata o 30 de setembro de 2021 e o prazo de xustificación ata o 31 de outubro de 2021.

Sexto.- Tal petición motiva a modificación de determinadas cláusulas do convenio suscrito con data 30 de xaneiro de 2020, que é preciso formalizar a través da presente addenda, a cuxo estrito cumprimento quedarán suxeitas as partes asinantes.

Por canto antecede, as partes formalizan e subscriben a presente addenda con suxeición as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Compromisos das partes

Modifícanse os parágrafos das cláusulas terceira oitava e duodécima, do convenio suscrito con data 30 de xaneiro de 2020, relativas aos prazos de execución e xustificación, quedando como segue:

-Terceira: Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables:

(...) Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2019 e ata o 30 de setembro de 2021. (...)

-Oitava.- Xustificación e aboamento das subvencións: Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar a acción, proxecto ou conducta subvencionada, e en todo caso, como máximo o 31 de marzo de 2020 (para a primeira anualidade 2019), e a xustificación do seguinte ano 2020 deberá realizarse como data límite o 31 de outubro de 2021.

-Duodécima. Prazos de xustificación. Unha vez finalizada a acción ou comportamento as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2020 para a primeira anualidade 2019 e 31 de outubro de 2021 para a seguinte anualidade 2020. Logo de transcorrer o prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada. (...)

	IV7GY2TSMF4YIWUKBUHRCDXHOM	Fecha y Hora	24/11/2020 15:19:04	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2TSMF4YIWUKBUHRCDXHOM	Página	2/3	



DEPUTACIÓN DE LUGO

Segunda.- O restante contido do convenio subscrito con data 30 de xaneiro de 2020 en tanto non queda afectado por esta addenda, permanecerá invariable.

E para que así conste, en proba de conformidade, asinan as partes en triplicado exemplar a presente addenda no lugar e data expresados.

“O PRESIDENTE,

O Representante de Gaitafilms S.L.

José Tomé Roca”

Andrés González Tella

A SECRETARIA XERAL,

María Esther Álvarez Martínez

	IV7GY2TSMF4YIWUKBUHRCDXHOM	Fecha y Hora	24/11/2020 15:19:04	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MERCEDES LAMELA LÓPEZ			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7GY2TSMF4YIWUKBUHRCDXHOM	Página	3/3	